

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 3 CINTA 8



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0008_003_en_0_29_16_id651_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0008_003_en_0_29_16_id651.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a oitava das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

A entrevista é a continuación do rexistro O MAR 8.3. (ID 650) na que se fala das crenzas no mundo mariñeiro. Neste corte fala da noite de San Xoan: os rituais para espantar as bruxas e o baño nas sete ondas.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 10 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, crenzas, supersticións, San Xoan, bruxa, meiga, ritual, mocidade, muller

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 8



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿En San Juan?

R: Había que ir ás bruxas.

P: ¿E como se iban ás bruxas?

R: Ás bruxas eran esas mulleres que se dedican a facer ceremonias, un fillo que lle dera un golpe, un fillo que non come ben, porque o outro non come ben, esas cousas que teñen os fillos pequenos, entón collían a esas mulleres e era unha cerimonia que facían elas, según a súa creencia botábanlle unha cabeza de allo, ou unha folla de (?)

P: Si, un esconxuro ou unha cousa desas.

R: E os rapaces, había unha condición nas iglesias, cando había cataquesis, o que lle chamaban cataquesis, o cura mesmo dábatche cando era a doutrina, sempre os curas sempre saltaban un pouco nese error, porque todo o malo que facías na vida particular, non era cousa de Dios, era cousas de bruxas e había que botalas fóra, e decíanos a nós o meu abuelo, mira (?) en algún tempo... porque decíalle eu a noso abuelo a víspera de San Juan, “¿Que? ¡Entón que dí?” “Hai que ir ós cardos e ás silvas” e rodeábamos todo o barco, rodeábamos todo o barco ó redor, todo ó redor decindo... varábanse os barcos coa proa para terra.

P: Ó revés.

R: Ó revés. “¿Entón pa qué?” “É cousa de (?) bruxas (?)... Non sabes ti. Non sabes ti... non entendes” e despois ás doce da noite, iba o meu abuelo cunha bragasta (sic)¹, cunhas varas, a varear o barco de proa a popa pa se estaba a bruxa escondida a bordo, saltara (rise)...

P: Para espantala. E os cardos era para que se pinchara e non pudiera subir ó barco ¿non?

R: E para que non subira ó barco, e como a proa estaba máis alta que a popa non podía subir, porque decía que foi feita polos homes, pa que eles levaren os barcos de Moaña para o outro lado. Dicen “bueno, a vispera de San Juan, vamos a levar o barco de Moaña, vamos a levar para Redondela, entón claro, “faltou o barco de aquí leváronno as bruxas!”, o barco apareceu en Redondela, mira o levaron para Redondela (?) (rise) (Entendo que se refire ás bromas que se adoitaban facer na noite de San Xoán).

P: Ó final, foi para alá. E había así máis...

R: Había creencia, máis creencias e moitas creencias.

P: Incluso na noite de San Juan, había unha creencia tamén do baño das sete olas ou das sete maretas. Que facían para mocedad ¿non?. Máis ou menos.

R: Para a mocedad (?). Ben sabes que a mocedad na noite de San Juan nas casas, nas casas mesmo, cada un nas súas casas (?), facían unha agua para lavarse.

P: Si, agua do cacho.

R: Agua do cacho. Pa lavarse... Como agua bendita ¿non? (?). E moitas veces os mozos en San Juan (?) iban ás mozas donde tiñan os cacharros, porque tiñannos que ter nunha ventana ¿non?... Para que as bruxas foran ó cacharro a facer...(?) e collelos e tiralos...andaban con eles dun lado pa outro por aí. Andaban con eles ó lombo entre as voltas...

P: Si a xogar con eles, a veces mexábanlles ou cagábanlles dentro, e facían trastadas.

R: Eso se facía na noite de San Juan, a agua de esa que a consideraban como agua bendita para facer a cerimonia grande (?), usábase moito.

P: E había unha creencia aquí de que era bo bañarse ou mollar os pés nas sete olas ou nas sete primeiras maretas da noite de San Juan. Había que tomar sete olas, ou había que tomar sete maretas, ¿porque?

R: Habíase que bañar sete veces.

¹ Bragasta (sic). Localismo dunha vara ou ponla verde, que usaban os Mestres e país para pegar.



P: Había que bañarse sete veces sí, e eso que era para purificar os males ou as mulleres eran fértiles as que non podían ter fillos ó mellor podían fecundar.

R: As mulleres tiñan o uso de que se non se bañaban na noite de San Juan, toda agua que se bañaban durante un tempo non estaban puras (?) porque a agua na que se bañaban esa noite era agua mollada, purificada (rectifícase).

P: Fora do mar, fora de río, non importaba de donde fora a agua.

R: Non importaba non.

P: O normal é que fora do mar ¿non?

R: Do mar ou do río. Pero hai moita xente..(?) os caldeiros de agua que poñían nas ventanas, canto máis alta era a ventana...(?) se tiñan ventana de arriba, poñíase na ventana de arriba, para que non fora a bruxa a sacar a agua alí e despois, era purificada, creíamos que o aire que iba da noite de San Juan, que aquela agua viña purificada, así como ven purificada cando sale do manantial, creíamos que esa creencia que se purificaba nese día, na noite de San Juan.

P: E había unha creencia ó mellor de que había as augas malas, como o bañarse o día de San Antón, decían que non era bo, que era peligroso, ou algún outro día así concreto, ¿non había unha fecha señalada que era malo bañarse tal día?

R: Non, porque, pois bañarse... ás praias non se iba, bañábase así por esa... había nesta area² que había por aquí bañábanse por aquí, na Xunqueira, no Con, a xente bañábase cada un donde se encontraba.

P: E si un mariñeiro ás veces tiña un mal presentimento non iba ó mar, porque soñou ou mirou algo e dixo “ai vaimos a dar mala suerte e non vou ó mar”.

R: Ai. Non che digo que non. Comentábase sempre moitas cousas, (?)... quedouse atrás. Pois claro, porque dábase a coincidencia de que salíamos para o mar ou salían para o mar, e mentres non chegaban a terra non saben quen faltaba. E moitas veces viñan un barco sen un mariñeiro...(?) a vinte personas Moitas veces os tripulantes querían bendecilo antes de marchar para o mar, ó estar a tripulación a bordo, ó salir máis ou menos a (?) paladas (sic)³, pois bendecir o barco coa xente a bordo, ó salir o barco, “bueno está todo o mundo a bordo”, “está”. Desamarras, tira, pero antes o patrón botáballe a bendición á xente.

P: E había corazonadas a veces cando había boa pesca. Miraba algo que iba a ser síntoma de boa pesca, ó mellor mirábase un páxaro destes.

R: No, iso de que todo... é o tempo, cando estaba malo xa o peixe non...

² Cando di “*nesta área que había por aquí*”, non está considerando a praia de Moaña como praia propiamente dita, senón mais ben de utilidade urbana.

³ “Paladas” (padas) é un localismo que usaban os patróns: cando querían cambiar a velocidade dábanlle ordes ao motorista dicindo “Un palo avante” “Un palo atrás”. De aí as “paladas”. Neste caso, o informante fala dun número de padas que se daban antes de bendecir o barco, pero non se escoita ben o número.